



Guía simplificada das medidas preventivas para facer fronte ao risco de contaxio pola Covid-19 de aplicación ao Deporte Galego

20 de Xaneiro de 2021

- *DECRETO 5/2021, do 19 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.*
- *ORDE do 19 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.*

I. PRÁCTICA DA ACTIVIDADE FÍSICA OU DEPORTIVA NON FEDERADA OU FEDERADA DE ÁMBITO AUTONÓMICO.

I.1. Toda a C.A.

1. Práctica ao aire libre.

Individual ou colectiva, **sen contacto**, ata un máximo de catro persoas simultaneamente, sexan ou non conviventes, sen contar, no seu caso, o monitor. A práctica debe realizarse:

- Con máscara e procurando manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
- Do uso da máscara poderá excepcionarse exclusivamente durante a realización da práctica deportiva e sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento da distancia de 2 metros con outras persoas non conviventes.

2. Práctica en instalacións e centros deportivos.

Individual ou colectiva, **sen contacto**, en grupos de ata un máximo de catro persoas simultaneamente, sexan ou non conviventes, e sen contar, no seu caso, o monitor, ata unha ocupación do 50% da capacidade máxima permitida.



A práctica deberá realizarse:

- Con máscara, salvo que a práctica deportiva requira da utilización de pistas específicas, exclusivamente durante a realización das ditas actividades específicas, e sempre que a ocupación máxima da pista se axuste ás regras do xogo ou actividade deportiva, e tendo en conta os protocolos aprobados para a dita instalación.
- Mantendo a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

Medidas de prevención xerais:

Nas instalacións deportivas a actividade física e deportiva estará suxeita aos seguintes criterios xerais de uso:

- a) Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado e promoverase o seu emprego
- b) As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
- c) Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.
- d) Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberán limparse as mans cos hidroxeles que deberán estar dispoñibles nos espazos habilitados para o efecto.
- e) Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersoal así como o uso da máscara.

Vestuarios e zonas de duchas

En ningún caso se abrirán aos usuarios os vestuarios* e zonas de duchas, podendo habilitarse, nos casos estritamente necesarios, espazos auxiliares. A ocupación máxima dos devanditos espazos será dunha persoa, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante. Deberá procederse á limpeza e desinfección dos referidos espazos inmediatamente despois de cada uso, así como á finalización da xornada.

**Nas piscinas que se atopen abertas, os usuarios poderán facer uso dos vestuarios durante o tempo necesario e imprescindible, sempre que se garanta a distancia interpersoal con respecto a outros usuario, o aforo establecido e o uso obrigatorio de máscara. Deberá procederse á limpeza e desinfección deles de xeito frecuente, así como á finalización da xornada.*



3. Competición.

Suspendida a competición de ámbito autonómico.

4. Excepcións ás restricións de mobilidade e de horario nocturno.

Sen excepcións.

I.2 Concellos con máximas restricións do Anexo IV.A).

Da provincia da Coruña:

a) *A Baña.*

b) *Abegondo.*

c) *A Coruña.*

d) *A Laracha.*

e) *Ames.*

f) *A Pobra do Caramiñal.*

g) *Arteixo.*

h) *Arzúa*

i) *Betanzos*

j) *Boiro.*

k) *Cabana de Bergantiños.*

l) *Cabanas.*

m) *Camariñas.*

n) *Cambre.*

ñ) *Carballo.*

o) *Cariño*

p) *Cedeira.*

q) *Cee.*



- r) *Cerceda.*
- s) *Cerdido.*
- t) *Coristanco.*
- u) *Culleredo.*
- v) *Dodro.*
- w) *Dumbría.*
- x) *Fene.*
- y) *Ferrol.*
- z) *Laxe.*
- aa) *Mañón.*
- ab) *Melide.*
- ac) *Moeche.*
- ad) *Mugardos.*
- ae) *Muxía.*
- af) *Narón.*
- ag) *Neda.*
- ah) *Negreira.*
- ai) *Noia.*
- aj) *Oleiros.*
- ak) *Ordes.*
- al) *Oroso.*
- am) *Ortigueira.*
- an) *Outes.*
- añ) *Oza-Cesuras.*
- ao) *Padrón.*
- ap) *Pontedeume.*
- aq) *Porto do Son.*
- ar) *Rianxo.*



as) *Ribeira.*

at) *Rois.*

au) *Sada.*

av) *San Sadurniño.*

aw) *Santiago de Compostela.*

ax) *Sobrado.*

ay) *Teo.*

az) *Trazo.*

aaa) *Touro.*

aab) *Val do Dubra.*

aac) *Valdoviño.*

aad) *Vilasantar.*

aae) *Vimianzo.*

Da provincia de Lugo:

a) *Burela.*

b) *Cervo.*

c) *Lugo*

d) *O Vicedo.*

e) *Vilalba.*

f) *Viveiro.*

g) *Xove.*

Da provincia de Ourense:

a) *Allariz.*

b) *Barbadás.*

c) *Monterrei.*

d) *O Carballiño.*

e) *Ourense.*

f) *Verín.*



g) *Xinzo de Limia.*

h) *Celanova.*

i) *Porqueira.*

j) *Ribadavia.*

k) *Trasmiras.*

l) *Vilar de Santos.*

Da provincia de Pontevedra:

a) *A Cañiza.*

b) *A Estrada.*

c) *A Guarda.*

d) *A Illa de Arousa.*

e) *A Lama.*

f) *Arbo.*

g) *As Neves.*

h) *Baiona.*

i) *Bueu.*

j) *Caldas de Reis.*

k) *Catoira.*

l) *Crecente.*

m) *Cuntis.*

n) *Forcarei.*

ñ) *Gondomar.*

o) *Meis.*

p) *Moaña.*

q) *Mondariz.*

r) *Moraña.*

s) *Mos.*

t) *Nigrán.*





- u) Oia.*
- v) O Porriño.*
- w) O Rosal.*
- x) Poio.*
- y) Pontearreas.*
- z) Pontecesures.*
- aa) Pontevedra.*
- ab) Redondela.*
- ac) Salceda de Caselas.*
- ad) Salvaterra do Miño.*
- ae) Silleda.*
- af) Tomiño.*
- ag) Tui.*
- ah) Valga.*
- ai) Vigo.*
- aj) Vilagarcía de Arousa.*
- ak) Vilanova de Arousa.*

Ademáis das medidas sinaladas no apartado I.1, establécese o peche temporal das seguintes instalacións:

- Pistas de patinaxe: establecementos abertos ao público fixos ou eventuais, cunha pista central destinada á práctica de patinaxe sobre xeo ou patíns.
- Piscinas recreativas de uso colectivo: establecementos abertos ao público permanentes, que contén con pías de auga que poden ser utilizadas polo público en xeral. Estarán pechadas ao uso non deportivo, e poderán permanecer abertas para a práctica e o uso deportivo.



I.2. Concellos con máximas restricións do Anexo IV.B).

- a) *Arteixo.*
- b) *Viveiro.*
- c) *Xinzo de Limia.*

Establécese o peche temporal das seguintes actividades:

- Actividades deportivas
- Establecementos para actividades deportivas.
 - o Estádios deportivos.
 - o Pavillóns deportivos.
 - o Recintos deportivos.
 - o Pistas de patinaxe.
 - o Ximnasios.
 - o Piscinas de competición.
 - o Piscinas recreativas de uso colectivo.
 - o Parques acuáticos.

II. PRÁCTICA DO DEPORTE FEDERADO DE ÁMBITO ESTATAL

1. Protocolos aplicables.

As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

O Protocolo de referencia será o *Protocolo de actuación para la vuelta de competiciones oficiales de ámbito estatal y carácter no profesional*, aprobado polo Consejo Superior de Deportes, así como no seu caso o Protocolo reforzado que aprobe cada unha das Federacións Deportivas Españolas.

2. Excepcións ás restricións de mobilidade e de horario nocturno.

En relación coas limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais previstas no punto primeiro, un do Decreto 5/2021, do 19 de xaneiro, e coa limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno do punto cinco do Decreto 3/2021, do 13 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada





no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2:

a. Quedan exceptuados de tales limitacións aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se realicen en cumprimento de obrigas laborais e profesionais, conforme o disposto na letra b) do número 3 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, e na letra d) do número 1 do artigo 5 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro.

b. Serán de aplicación a excepción a tales limitacións de mobilidade e de horario nocturno, aos desprazamentos relacionados co deporte federado de ámbito Estatal cando se cumpran todas as seguintes condicións:

1ª) Que o desprazamento estea xustificado pola realización dun adestramento vinculado á participación nunha competición de ámbito Estatal incluída no calendario oficial da correspondente federación deportiva Española e/ou pola participación nunha competición deste tipo.

2ª) Que non existan alternativas de realización do adestramento e/ou da celebración da competición nun ámbito territorial que non exixa un desprazamento afectado polas limitacións á liberdade de circulación vixentes.

3ª) Que o desprazamento se realice por algunha ou algunhas das seguintes persoas:

1) por persoas deportistas federadas participantes en competicións de ámbito estatal cun calendario aprobado para a tempada 2020/2021.

2) As persoas técnicas ou adestradoras das persoas deportistas incluídas no apartado anterior.

3) No caso de acreditarse a súa necesidade, sparrings das persoas deportistas federadas de alto nivel, de alto rendemento deportivo ou incluídas en programas de tecnificación e rendemento deportivo, recoñecidas polo Consejo Superior de Deportes ou pola Secretaría Xeral para o Deporte ou órgano autonómico competente da Administración autonómica.

4ª) Que a persoa que se desprace porte, durante o desprazamento, un certificado, segundo o modelo adxunto, da correspondente federación ou clube deportivo federado co seguinte contido mínimo:



- 1) Identificación da persoa que se despraza e da súa participación nunha competición incluída no calendario oficial da correspondente federación deportiva Española.
- 2) Lugar do adestramento xustificando a súa vinculación coa participación nunha competición incluída no calendario oficial da correspondente federación deportiva e/ou lugar da competición.
- 3) Data e horario de realización do adestramento e/ou da celebración da competición.
- 4) Xustificación da non existencia de alternativas de realización do adestramento e/ou da celebración da competición nun ámbito territorial que non exixa un desprazamento afectado polas limitacións á liberdade de circulación vixentes.

No caso de certificacións emitidas polos clubs, estes deberán de comunicar á Federación respectiva un listado dos mesmos, a efectos do seguimento e verificación por parte destas.

As Federacións Deportivas Galegas remitirán semanalmente á Secretaría Xeral para o Deporte a información sobre os certificados emitidos, coa relación nominal dos deportistas e outros axentes autorizados.

3. Instalacións Deportivas.

Nas instalacións deportivas a actividade física e deportiva estará suxeita aos seguintes criterios xerais de uso dispostos no apartado I,1,2, excepto no relativo aos vestiarios e zonas de duchas segundo o seguinte:

Vestiarios e zonas de duchas. Deberase de seguir o disposto nos protocolos de apertura establecidos polas autoridades competentes. Si fose necesario o uso de vestiario e zonas de duchas deberán de habilitar os necesarios para manter as distancias de seguridade, e se non fose posible, estableceranse quendas.

4. Asistencia de público a eventos, adestramentos e competicións deportivas de ámbito Estatal que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública.

- a. Con máscara e sentado, con 1,5 metros de distancia nas catro direccións.
- b. Máximo do 50% da capacidade permitida da instalación ou do espazo do que se trate.
- c. Límite de 250 persoas para lugares pechados.
- d. Límite de 500 persoas en actividades ao aire libre.





ANEXO

MODELO DE CERTIFICADO

D./Dña. _____, na súa calidade de _____ do Club/Federación
_____ con domicilio na _____, C.P. ____ de _____

CERTIFICA

1. Que D./Dña. _____ ten licenza federativa de _____ en vigor para a tempada ____/____.
2. Que para os efectos de xustificar a aplicación da excepción prevista punto primeiro, un do Decreto 5/2021, do 19 de xaneiro, e coa limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno do punto cinco do Decreto 3/2021, do 13 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, faise constar que D./Dña.....:

a. Pertence á categoría de (MÁRQUESE O SUPOSTO QUE PROCEDA):

- A. Deportista federado participante en competición de ámbito estatal con calendario de competición aprobado para a tempada 2020/2021.
- C. Técnico ou adestrador dos deportistas anteriores.
- C. Sparring de deportista de alto nivel, deportista de alto rendemento deportivo, ou deportista incluído en programas de tecnificación ou de rendemento deportivo, recoñecido polo Consejo Superior de Deportes ou pola Secretaría Xeral para o Deporte, ou órgano autonómico competente.

b. Vai participar no adestramento/competición a celebrar:

- Lugar de adestramento/competición: _____
- Data e horario de realización do adestramento/competición: _____

c. O adestramento está vinculado á competición incluída no calendario oficial da federación deportiva.

d. O referido adestramento/competición non pode celebrarse nun ámbito territorial que non exixa un desprazamento afectado polas limitacións á liberdade de circulación vixentes polas seguintes razóns:....

E para que así conste, aos efectos oportunos expido e asino a presente certificación en _____ a _____ de _____ 2021.